



FEDERACIÓN FRISONA GALEGA – COMUNICADO DA DIRECTIVA

Ante as informacións que sobre a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos están aparecendo estes días na prensa, e dada a súa inexactitude, a Xunta Directiva da Federación Frisona Galega, na súa reunión de hoxe día 21 de Xaneiro de 2011, acordou por unanimidade, emitir o seguinte comunicado:

- 1º) Dada a complicada situación que se presenta para a supervivencia do Programa Bos, o pasado día 7 de Decembro solicitouse, vía rexistro, unha entrevista co Sr. Conselleiro a fin de intentar buscar algún tipo de solución ou, no caso de non atopala, pactar as condicións necesarias para poder proceder ó cerre de forma racional e organizada. A data de hoxe, día 21 de Xaneiro, non recibimos ningunha resposta á nosa solicitude.
- 2º) En noticias publicadas en días pasados o Sr. Conselleiro asegura que o mantemento da explotación ten un custo de 700.000€ anuais tendo absorbido 1 millón de euros en 2009. Ante esta incorrección consideramos é a nosa obriga (ante os nosos socios e a opinión pública) deixar constancia de que, dende o seu nacemento en 1992 ata o ano 2010 a aportación da Consellería para cubrir os gastos de funcionamento da UTE de Bos non superou nunca os 450.000€ anuais. Esta cantidade foi destinada non só ó mantemento da granxa senón ó desenvolvemento de Programas Sanitarios e de Transferencia Embrionaria dentro do Programa de Mellora Gandeira de Galicia en beneficio de todas as ganderías galegas. O conxunto desta actividade acadou a cifra global de 1 millón de euros de presuposto anual logrando un 55% de autofinanciación (ingresos da explotación, venda de xenética e servizos veterinarios), conseguido na súa maior parte pola aportación dos gandeiros mediante a compra da xenética producida na UTE (animais e embrións).

- 3º) En 2009 e argumentando motivos de operatividade, a Consellería encargou a Fefriga a xestión da compra e pago do material xenético que anualmente incorpora ó Programa de Mellora Gandeira de Galicia (embríóns elite e seme), para a obtención de machos e femias do máis alto valor xenético, e que ata Decembro de 2008 viña realizando directamente a propia Consellería. Esta medida supuxo unha mellora na xestión destas compras aforrando ó Programa ó redor de 300€ por embríón adquirido. O diñeiro destinado a esta partida non ten nada que ver co funcionamento da UTE e continuará sendo necesario unha vez teña desaparecido ésta.
- 4º) En referencia ó comentario de que a Administración pretende dar maior protagonismo ós gandeiros no Programa de Mellora, consideramos que esta Federación e os 3.929 gandeiros que a integran, e tras 18 anos de fructífera colaboración cos distintos equipos de goberno, ten demostrado lealdade, transparencia e eficacia no desenvolvemento dos programas deseñados en común, polo cal nos preguntamos con qué gandeiros pretende agora a Consellería establecer acordos e a natureza dos mesmos.
- 5º) Lamentamos profundamente a deriva que están tomando os acontecementos polo que consideramos como urxente que o Sr. Conselleiro atenda a nosa petición, nos reciba e nos diga directamente a nós (non a través dos medios de comunicación) cales son os plans de futuro que ten para o Programa, a fin de que, como lexítimos representantes dos case 4.000 gandeiros en Control Leiteiro e Libro Xenealóxico en Galicia, podamos adoptar as decisións que proceda.

A Xunta Directiva de Fefriga

